

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1-Teléfono 218204

VIGO-3-outubro-1974

Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín as túas liñas do día 29 de setembro de-
rradeiro. Alédame moito que sigas a traballar coa
intensidade de sempre. Supoño que ese desacougo fí-
sico non será cousa de coidado. Tamén eu me sinto
moi canso. Estóu decidido a deixar a responsabilidade
de Galaxia ao rematar o ano, pois xa non podo
con tantas obrigas e preocupacións. Os anos pesan
i é inútil desconocelo.

O viaxe do Valentín produciuse sin pena nin gro-
ria. Ao menos que eu seipa. Somentes algunhas refe-
rencias de prensa, e do demais nada. Coido que fo-
ron moi contados os que fixeron caso del.

O número 44 de "Grial" mandóuseche por correo ma-
rítimo o día 6 de xunio. Calculo que arestora esta-
rá no teu poder.

Dime cal é o enderezo de Pita pra lle mandar o
seu libriño, pois sairá do prelo un destes días.

Coido que estarás enterado por Díaz Pardo da xun-
tanza do Patronato do Museu Maside. Entendo que se-
rá moi proveitoso o que se pensa facer pra o futu-
ro do arte galego.

E nada máis polo momento. Teño vivos desexos de
vos volver a ver aló polo xaneiro.

Con garimosos saúdos a Maruxa, e de Evely pra
os dous, mándache a cordial aperta de sempre

